

## A CERÁMICA MEDIEVAL DA FORTALEZA DE A ROCHA FORTE. CONTRIBUCIÓN AO SEU ESTUDO\*

Por José Ramón MARTÍNEZ CASAL

Departamento de Historia I  
Universidade de Santiago de Compostela

**Abstract:** This article is a study about of the medieval ceramics of Fortress of A Rocha Forte. The materials are chronologically located between the third century and middle fifteenth century. The group of regional common ceramics is the most numerous represented. The fineware, «columbia plain», lustreware, between overs, proceeds of ovens to Levantine area and Andalucía showing the existence of trade contacts.

**Keywords:** fortress of Rocha Forte, common ceramics, micaceous ceramics, fineware, lustreware, storage jar, ceramic glazed, Low Middle Age.

Presentamos a continuación un pequeno avance do estudo sobre os materiais cerámicos recuperados durante a campaña de intervención arqueolóxica na fortaleza de A Rocha Forte desenvolada durante o ano de 2004, situada na Rocha Vella, parroquia de Compostela<sup>1</sup>. A primeira referencia documental que existe sobre a fortaleza de A Rocha Forte sitúase en 1255 (nas Constitucións Capitulares do bispo Xoán Airas), manténdose en pé até a segunda revolta irmandiña de 1466, ocasión na cal a fortaleza é derribada e destruída. Aínda que hai documentación que se refire a ocupacións posteriores, as evidencias arqueolóxicas non reflexan que fosen importantes, daí que mantexamos que o conxunto cerámico presenta, en xeral, unha corcondancia cos douscentos anos aproximados nos que a fortificación estivo en uso, e que outros estudos así o confirman (González Vila: 2006).

---

\* Dentro do Proxecto de Estudio Arqueolóxico da Fortaleza de A Rocha Forte, dirixido polos profesores Raquel Casal García e Fernando Acuña Castroviejo.

<sup>1</sup> Para máis información sobre as campañas de escavación e os achádegos arqueolóxicos remitimos a Casal García, R. et al: 2005.

En primeiro lugar á hora de facer un estudo sobre a cerámica medieval galega temos que sinalar a escasez de estudos de que dispoñemos para esta zona da península, en contraste co desenvolvemento que coñeceu a cerámica baixomedieval noutras zonas, como por exemplo a zona catalana e levantina e a andaluza. Son moi poucos os traballos nos que se recollen novas e estudos sobre cerámicas comúns rexionais e moito menos en canto ás cerámicas vidradas e esmaltadas na rexión, máis aló de vagas referencias. Destacamos os traballos realizados por Suárez Otero ofrecéndonos unha visión global da cerámica común (Suárez Otero et al: 1989) e o estudo publicado por César Vila e Bonilla Rodríguez no que publican os resultados do estudo cerámico do Castelo de a Lúa (Rianxo) (César Vila et al: 2003).

Debido ao grande volume de material cerámico recuperado e a que o estudo aínda está en fase de desenvolvemento, expoñeremos neste artigo unha breve exposición das características do devandito conxunto cerámico e unha pequena tipoloxía que permita unha normalización dos futuros estudos cerámicos medievais. En xeral, o conxunto caracterízase pola acusada fragmentación e o pequeno tamaño das pezas, o que dificultou e dificulta a caracterización de moitos fragmentos. A grandes riscos, podemos sinalar que a cerámica de produción local caracterízase por estar destinada ao servizo de cociña e a cerámica de produción foránea, con carácter de luxo, ao servizo de mesa. Destacábel é salientar que a grande maioría de material cerámico exhumado pertence á unidade estratigráfica 481 e 502 (Casal García, et al: 2005), en especial nesta última, posibelmente un nivel de depósito de carácter secundario, homoxéneo polo feito de que aparecen numismas (González Vila: 2006) de diferente época, aínda que está perfectamente selado e non presenta alteracións posteriores á súa formación, polo que non ten unha cronoloxía posterior ao derrube da fortaleza.

Decidimos establecer tres grandes familias cerámicas nas cais incluímos unha serie de tipos ben definidos. A familia máis importante é a correspondente á cerámica común, destinada principalmente ao servizo de cociña e de almacenaxe. A segunda familia é a formada por todas as cerámicas que presenten un tratamento superficial a base de esmalte estannífero ou vidrado. Nesta familia temos que salientar a cerámica con esmalte estannífero —louza— e a cerámica vidrada. E finalmente, a cerámica de almacenaxe composta polas Anforetas de Indias, das que pouco se coñece agás a súa aparición en contextos medievais e modernos.

## **CERÁMICA COMÚN**

Definimos esta familia cerámica como o resultado do desenvolvemento da olaría galega durante a Idade Media. É unha olaría «descendente» da que se realizaba nos séculos da plena Idade Media, amalgamada na coñecida *cerámica gris* e que

tan ben definida está noutras latitudes, por exemplo Cataluña<sup>2</sup>. Os principais tipos documentados na cerámica gris evolucionaran cara outras formas tipolóxicas, especialmente no caso de olas de pequeno tamaño, non superiores aos 18 cms de diámetro do borde. Desta forma, no conxunto estudado documéntanse as formas plenomedievais e as súas evolucións, amais dalgunhas incorporacións debido aos novos hábitos.

É a factura cerámica máis abundosa na fortaleza de A Rocha Forte, así como na maioría dos xacementos desta época en Galiza, podendo achegarse a unhas porcentaxes do 98-99%. Dase a particularidade de que é unha cerámica sobradamente coñecida pero pouco estudada, á cal non se lle outorgou importancia. En xeral, podemos dicir que os tipos documentados proceden de producións locais, ubicábeis no Noroeste peninsular, sen que poidamos coñecer exactamente os lugares concretos de produción. A escasez de análises físico-químicas impide trazar unha caracterización mineralóxica da cerámica. Aínda así, podemos dicir que se trata dunha factura baseada nun tipo de arxila procedente da descomposición de rochas ígneas, basicamente granito, aínda que hai aportes de xistos. Os seus compoñentes, mica, seixo e feldspato compoñen a maior parte da arxila que se debeu de empregar. O seixo e a mica actúan como desengraxantes naturais, conferindo grande plasticidade e proporcionando unha alta resistencia durante a cocción. Ao carón destes desengraxantes non plásticos, aparecen desengraxantes plásticos como a chamota e mesmo restos de especies herbáceas, como palla.

A técnica de fabricación asentárase no uso da torneta (instrumento cun disco e un eixo curto suxeito a unha base de pedra, denominado tamén torno baixo, torno lento ou roda) e do torno (cun eixo máis alto e un disco inferior que se move co pé). No primeiro caso, o movemento de rotación o imprime a man, polo que as revolucións son lentas, desacelerándose ao modelar coas dúas mans. A elevación das pezas realízase engadindo rolos ou faixas que se regularizan cun torneado intermitente. O uso da torneta permite ver unha serie de pegadas na cerámica: soldaduras de base-corpo, rolos e faixas en corpo, corpo colo, pegadas verticais internas de dedos, textura pouco compacta e irregularidade xeral. No caso do torno, este instrumento confírelle maior grao de revolucións ao torneado e modelado da peza, polo que é a forza centrífuga o que fai elevar a peza. As pezas torneadas presentan máis regularidade, homoxeneidade e compactidade, produto da maior rotación. As pegadas que amosan o uso deste instrumento nas cerámicas son estrías ou pegadas concéntricas horizontais en todo o corpo. Con este instrumento tamén se favorece unha maior diversidade e complexidade das formas. Se ben se considera que durante a Baixa Idade Media xeralizase o uso do torno, consideramos que o uso da torneta non se viu reducido. É difícil en ocasións

---

<sup>2</sup> A arqueoloxía medieval coñeceu un grande auxe en Cataluña, o que facilitou a realización de numerosos estudos ceramolóxicos promovidos polo departamento de Historia Medieval da Universidade de Barcelona, publicando a revista *Acta Medievalia*, recollendo numerosos traballos ceramolóxicos (Riu, M.: 1984).

diferenciar baixo que tipo de torneado se realizou unha peza, debido a que coa maestría que acadaron os oleiros no uso da torneta, conseguíronse resultados «similares» aos do uso do torno. Deste xeito, os dous tipos de torno poderon coexistir, até que na Idade Moderna, o torno desprazase á torneta.

Como técnicas de rematado ou tratamento superficial a máis destacada é o alisado, aínda que en moitos casos non será máis que un sucinto afinado na zona superior da cerámica. O espatulado e o bruñido son outras técnicas empregadas, só documentadas nos tipos de xerras. Temos que ter en conta que a produción de toda esta cerámica común tería un carácter de uso cotiá, polo que primaría a funcionalidade sobre a imaxe ou aparencia. Así, temos un servizo de cociña con recipientes con rematados parcos.

A arqueoloxía galega non posúe un estudo sobre os fornos e técnicas de cocción durante a Idade Media. A observación das pezas cerámicas fai pensar en coccións de ambiente reductor, que dan lugar a cerámicas grises, de tons escuros en xeral. A maioría delas corresponden a coccións e postcoccións reductoras, realizadas probabelmente en fornos de tiro directo. Temos que sinalar a presenza de exemplares que presentan coccións oxidantes, aínda que é moi probábel que poden responder a coccións reductoras con postcocción oxidante. Agora ben, se isto é certo, non podemos dudar de que os avances tecnolóxicos durante a Baixa Idade Media permitiran a produción de cerámicas en atmosfera oxidante —como é o caso das xerras—. Así mesmo, hai que salientar que debido á funcionalidade de moitos destes recipientes, por exemplo unha ola, estarían sometidos ao lume, polo que mostrarían unha coloración negruzca. Durante a Baixa Idade Media, e a súa transición cara a Idade Moderna, asístese ao perfeccionamento das técnicas de elaboración. Dáse unha continuidade entre a Plena Idade Media e a Baixa Idade Media, e durante ésta, consolidáronse as características que se observan na Idade Moderna. Durante a Baixa Idade Media perfeccionase o tratamento e manipulación das arxilas, o torno alto despraza lentamente á torneta, aínda que ésta seguirá sendo usada, melloran as técnicas de cocción, acadando cochuras uniformes e temperaturas controladas (baixas e altas), que daran lugar á cerámica ocre e acastañada de fins do século XV e a Idade Moderna (César Vila: 2003).

Podemos distinguir dous tipos de pastas esencialmente. Unha cun barro pouco traballado, de aspecto micáceo e groseiro, con abondosas partículas de seixo de variábel tamaño. Son pastas pouco elaboradas, con numerosas vacuolas, sendo polo tanto fráxiles e pouco compactas, aínda que presentan gran dureza. Os elementos non plásticos están mal calibrados, dificultando un óptimo afinado ou remate da peza, presentando polo tanto unha textura groseira. O segundo tipo de pastas correspóndese a unha pasta fina. As partículas plásticas compóñense de pequenas micas e seixos. Ten un aspecto laminado en xeral, máis compacta e dura que a anterior. Unha particularidade común a ámbalas dúas pastas é o aspecto micáceo (polvo micáceo) que presentan, provinte do tipo de arxila empregada, sen depurar totalmente como indicamos antes, e que dá lugar á denominación de

cerámicas micáceas. En canto ás formas, predominan as formas globulares, tipo ola, característica da cerámica típica de cociña e de función contenedora. Debido a esta característica é frecuente e normal que as pezas están queimadas ou que presenten indicios de estar expostas ao lume. Os corpos soen ser curvos e as bases planas. O tipo máis característico é o de ola de colo breve pero acusado e de borde exvasado. As decoracións límitanse á zona superior do corpo, concretamente na zona do ombreiro e están formadas por impresións (dixitacións e unglacións) e incisións (bruñidas, punzantes e acanaladas). Cómpre sinalar que o que define os tipos é a forma do borde e que dentro da cerámica común, o tipo máis difundido é o de ola. Non se documentou ningún fragmento ou peza correspondente a vaixela de mesa, como pratos, escudillas, botellas, etc, o que contrasta coa variedade tipolóxica documentada noutras fortalezas cunha ocupación máis prolongada no tempo (César Vila et al: 2004). Esta ausencia, pode deberse á existencia dunha utilaxe destinada ao servizo de mesa e que estivese realizada en madeira, ou debido a outras razóns, como por exemplo a polivalencia dos recipientes existentes. Este aspecto terá que ser constatado cos achádegos procedentes das futuras intervencións arqueolóxicas na fortaleza.

A cotío diferénciase entre unha cerámica gris e outra ocre acastañada no seo da cerámica común, para destacar a presenza de dúas producións: unha elaborada mediante cocción reductora e outra mediante cocción oxidante. Se ben isto é certo, no caso que nos ocupa esta diferenciación ven dada polas diferentes coccións acadadas e non por unha interese de dar un mellor tratamento e elaboración a unha serie de cerámicas que a outras. Así, temos para recipientes similares, do mesmo tipo, tonalidades reductoras e oxidantes. Onde si vemos esa diferenciación é a hora das xerras, elaboradas en cocción oxidante, claramente diferenciadora. Aínda así, é normal que co desenrolo e perfeccionamento das técnicas de produción, se buscasse a cocción oxidante, aínda que non sempre se conseguise.

**Ola.** Recipiente de forma fechada na que as dimensións de altura e anchura están bastante proporcionadas, aínda que acolle un repertorio formal e de tamaños moi variado. Aínda que non puidemos documentar fragmentos de bordes de ola con asa, si que temos fragmentos de corpos e ombreiros con arranque, o que sinala a presenza de olas con asas.

**Forma I. Ola de borde horizontal aconcavado**<sup>3</sup>. Ola de borde horizontal ou oblicuo, aconcavado na súa parte interna e rematado nun beizo engrosado, cecais para asentar a tapadeira, de corpo globular e de base plana. Presenta dúas variantes segundo a forma do colo: variante A, con colo recto ou oblicuo, moi estrangulado, e variante B, cun colo de perfil sinuoso. A pasta é groseira, correspondéndose coa primeira clase de pasta. O tratamento superficial é bastante

---

<sup>3</sup> Para a descripción das pezas, séguese os seguintes criterio: denominación, descripción, características da pasta, tratamento das superficies, cor, dimensións (alto, ancho, grosor), diámetro e número de inventario, lámina e figura.

parco, limitándose a un sucinto afinado, polo que tería un tacto rugoso, aflorando desengraxantes. A decoración límitase a dixitacións, incisións e acanaladuras oblicuas, constatándose tamén unha peza con reticulado. Presentan restos de feluxe, o que evidencia a súa funcionalidade, tendo en conta a súa polivalencia. O corpo é globular, con base plana.

1. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde horizontal aconcavado (variante A). Borde horizontal, aconcavado na súa parte interna (asento de tapadeira), rematado nun beizo oblicuo, colo recto e ombreiro con a base de dixitacións oblicuas dispostas horizontalmente no ombreiro, realizadas mediante presión. Así mesmo presenta unha «acanaladura» lonxitudinal por riba das dixitacións. Pasta de cor gris, con superficies que mostran alteración polo uso, compacta e dura, de aspecto laminado. Desengraxantes de grao fino, medio e groso de seixo e mica mal calibrados. Cocción reductora. Sucinto afinado e decoración. Gris. Aparece ennegrecido polo uso ou polo lume.

Dimensións: 5,2x14x 1. Diámetro do borde: 22 cms. RF-04/502/383,553,602.  
Lámina I, figura 1.

2. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde horizontal aconcavado (variante A). Borde horizontal, aconcavado na súa parte interna (asento de tapadeira), rematado nun beizo lixeiramente oblicuo engrosado, colo recto e ombreiro que pode presentar unha «acanaladura». Pasta de cor gris, con superficies que mostran alteración polo uso, compacta e dura, de aspecto laminado. Desengraxantes de grao fino, medio e groso de seixo e mica mal calibrados. Cocción reductora. Sucinto afinado. Gris. Aparece ennegrecido polo uso ou polo lume.

Dimensións: 4,7x16x0,8. Diámetro do borde: 18 cms. RF-04/502/589,600,487.  
Lámina I, figura 2.

3. Fragmento de borde de ola de borde horizontal aconcavado (variante A). Borde horizontal, lixeiramente oblicuo, aconcavado na súa parte interna e rematado nun beizo engrosado orientado oblicuamente, colo estrangulado e ombreiro convexo. Con restos de feluxe adheridos e evidencia de estar exposto ao lume. Presenta decoración no ombreiro a base de liñas incisas oblicuas (\). Pasta de cor negra, pasta media, ben decantada polo xeral, pouco compacta pero dura, porosa, con pequenas vacuoliñas, con desengraxantes de grao fino de mica e de grao medio de seixo, ben calibrados. Cocción reductora. Sucinto afinado na zona do borde e do colo, restos de feluxe adheridos. Gris cincento/negro.

Dimensións: 3,7x8,4x0,6. diámetro do borde: 14 cms. RF-04/502/1027.  
Lámina I, figura 3.

4. Fragmento de borde, colo e ombreiro decorado dunha ola de borde horizontal aconcavado (variante B). Borde horizontal e oblicuo cara o beizo, aconcavado na








LÁMINA I: Cerâmica común rexional. Ola de borde horizontal aconcavado (1-7).

súa parte interna (superior) e rematado nun beizo engrosado, cecais para o asento da tapadeira e colo de perfil sinuoso. Decoración a base de incisións oblicuas no ombreiro. Pasta de cor gris, con superficies que mostran alteración polo uso, compacta e dura, de aspecto laminado. Desengraxantes de grao fino, medio e groso de seixo e mica mal calibrados. Cocción reductora. Sen tratamento aparente. Os desengraxantes groseiros afloran nas superficies. Gris ennegrecido/gris. Dimensións: 5,2x7,8x5,2. Diámetro do borde: 18 cms. RF-04/427/28.

Lámina I, figura 4.

5. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde horizontal aconcavado (variante A). Borde horizontal, lixeiramente oblicuo, aconcavado na súa parte interna (asento de tapadeira), rematado nun beizo lixeiramente oblicuo engrosado, colo de perfil sinuoso e ombreiro que presenta decoración a base de liñas oblicuas de esquerda a dereita incisas. Pasta de cor gris, pasta groseira, pouco traballada, mal decantada, pouco compacta pero dura, con vacuolas, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao medio de seixo. Cocción reductora con aporte oxidante. Sucinto afinado na zona do borde, colo e ombreiro exterior, e no borde interior. Restos de feluxe na superficie exterior, e superficie queimada. Ocre ennegrecido e gris cincento/gris con restos de queimado.

Dimensións: 7,6x14,7x0,6. Diámetro do borde: 17 cms. RF-04/502/1301,1302,1359.

Lámina I, figura 5.

6. Fragmento de borde de ola de borde horizontal aconcavado (variante B). Borde horizontal, lixeiramente oblicuo, aconcavado na súa parte interna e rematado nun beizo engrosado orientado oblicuamente, colo de perfil sinuoso e ombreiro convexo. Con restos de feluxe adheridos e evidencia de estar exposto ao lume. Presentar decoración no ombreiro a base de liñas oblicuas (\\) realizadas mediante impresión levemente. Pasta de cor grisácea, nalgúns zonas queimada, pasta media, mal decantada polo xeral, con moito desengraxante, pouco compacta pero dura, porosa, con pequenas vacuoliñas, con desengraxantes de grao fino de mica e de grao medio de seixo, ben calibrados aínda que abundantes. Cocción reductora con aporte oxidante. Sucinto afinado na zona do borde e do colo, aínda que afloran desengraxantes de grao fino de seixo que proporcionan un tacto áspero, restos de feluxe adheridos. Superficies ásperas. Gris no colo e ombreiro e ocre no borde/gris cincento con queimado.

Dimensións: 5,3x7,7x0,6. Diámetro do borde: 14 cms. RF-04/502/4255.

Lámina I, figura 6.

7. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde horizontal aconcavado (variante B). Borde horizontal, aconcavado na súa parte interna (asento de tapadeira), rematado nun beizo lixeiramente oblicuo engrosado, colo estrangulado e ombreiro que pode presentar decoración mediante unha «acanaladura» Pasta



de cor ocre acastañado, pasta groseira, pouco traballada, pouco compacta, porosa, con vacuolas, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao medio de seixo. Cocción oxidante Sen tratamento aparente, superficies ásperas ao tacto, polvo micáceo Ocre acastañado, con ennegrecemento parcial das superficies.

Dimensións: 4x6,2x1. Diámetro do borde: 16 cms. RF-04/S34-35/6352.

Lámina I, figura 7.


**Forma II. Ola de borde de pestana.** Cecais é o tipo máis coñecido, e probabelmente o que presenta maior variedade morfolóxica, recibindo múltiples denominacións (borde triangular, en T, en bisel, en pestana) debido á súa longa pervivencia cronolóxica. Esta forma en T irá evolucionando cara tipos de bordes realizados sen prolongación inferior. O colo é sinuoso, o corpo globular e a base plana ou lixeiramente aconcavada ao interior. A pasta coincide co segundo tipo exposto anteriormente. Pasta fina, desengraxantes finos compostos por micas e seixos. En termos xerais é de aspecto laminado e a súa estampa é máis compacta que a do tipo anterior. O exterior da peza soe ser algo máis escuro que o núcleo. O rematado das superficies limítase a un sucinto afinado na zona superior. A decoración sitúase no ombreiro e é exclusivamente a base de acanaladuras horizontais externas. Non se conservan fragmentos considerabelmente grandes, o que xunto coa forma de fracturar as pezas, nos leva a pensar en que poida ser realizadas en torneta, e que polo tanto fracturan pola unión dos rolos cerámicos. Tendo en conta isto, é indudábel que os oleiros acadaron grande mestría no uso da torneta. Pensamos que exercería funcións de ola de cociña e de almacenaxe.

8. Fragmento de borde e arranque de colo de ola de borde de pestana. Borde vertical, lixeiramente aconcavado, beizo superior apuntado e orientado cara o exterior, prolongación inferior apuntada e redondeada. Colo sinuoso. Presenta asento para a tapadeira. Borde en T clásico. Pasta de cor gris, superficies alteradas polo uso, de aspecto laminado, dura e compacta, abundante polvo micáceo, desengraxantes de grao fino e medio de seixo. Cocción reductora, boa factura. Sucinto afinado. Pardo ennegrecido/negro cincento.

Dimensións: 1,7x7,8x0,5. Diámetro do borde: 22 cms. RF-04/457/918.

Lámina II, figura 8.


9. Fragmento de borde e colo de ola de borde de pestana. Beizo apuntado, prolongación inferior redondeada e colo de perfil sinuoso. Polvo micáceo. Típico borde en T. Liña incisa que percorre lonxitudinalmente a prolongación inferior. Pasta de cor ocre, pasta groseira, mal decantada, pouco compacta pero dura, con abundante desengraxante de grao fino micáceo e de grao fino-medio de seixo e de cerámica, ben calibrado polo xeral, mais abundante. Cocción oxidante. Sucinto afinado, polvo micáceo e na superficie interior evidencias de estar exposto ao lume. Ocre acastañado no colo e ocre no borde/ocre.



8




9




10




11



12



13



14




LÁMINA II: Cerámica común rexional. Ola de borde de pestana (8-14).

Dimensións: 2,5x7,1x0,5. Diámetro do borde: 22 cms. RF-04/481/5253.  
Lámina II, figura 9.

10. Fragmento de borde e colo de ola de borde de pestana. Beizo redondeado e lixeiramente apuntado, prolongación inferior redondeada e colo de perfil sinuoso. Polvo micáceo. Pasta de cor gris, de aspecto areoso, pasta media, pouco compacta pero dura, con abundante desengraxante de grao fino micáceo e de grao fino-medio de seixo, ben calibrado polo xeral. Cocción oxidante. Sucinto afinado, polvo micáceo e na superficie interior evidencias de estar exposto ao lume. Grisáceo sobre pardo/gris parduzco.

Dimensións: 1,5x7,5x0,5. Diámetro do borde: 23 cms. RF-04/481/5264,5278.  
Lámina II, figura 10.

11. Fragmento de borde e colo de ola de borde de pestana. Borde esvasado, beizo superior apuntado e orientado cara o exterior, lixeiramente labiado, prolongación inferior apuntada e lixeiramente labiado. Colo sinuoso. Presenta asento para a tapadeira. Restos de feluxe, marcas de torneado. Pasta de cor gris no colo e negra no borde, con pequeno aporte oxidante que lle confire unha tonalidade parda á prolongación inferior, superficies alteradas polo uso, de aspecto laminado, dura e pouco compacta, polvo micáceo, desengraxantes de grao fino e medio de seixo. Cocción reductora con aporte oxidante, boa factura. Sucinto afinado, superficies suaves ao tacto, máis no caso da superficie interior, restos de feluxe, polvo micáceo, marcas de torneado. Gris cincento, con restos de feluxe e superficies queimadas.

Dimensións: 3,3x10,2x0,6. Diámetro do borde: 22 cms. RF-04/415/5832,5833.  
Lámina II, figura 11.

12. Fragmento de borde, colo e arranque incipiente de ombreiro de ola de borde de pestana. Beizo pouco desenrolado, apuntado oblicuo e prolongación inferior lixeiramente apuntada. Colo de perfil sinuoso. Presenta asento para tapadeira. Pasta de cor negra, queimada superficie exterior ocre, pasta de grao fino, pouco compacta pero dura, de estampa areosa, con pequenas vacuolas, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao medio de seixo moi abundante, polvo micáceo. Cocción reductora e final oxidante. Sucinto afinado, polvo micáceo, superficies ennegrecidas. Ocre, lixeiramente ennegrecido/negro grisáceo no colo e ocre no borde.

Dimensións: 3,3x 7,4x 0,6. Diámetro do borde: 16 cms. RF-04/495/5964,5992.  
Lámina II, figura 12.

13. Fragmento de borde, colo e arranque incipiente de ombreiro de ola de borde de pestana. Beizo pouco desenrolado, apuntado oblicuo e prolongación inferior lixeiramente apuntada. Colo de perfil sinuoso. Presenta asento para tapadeira. Pasta de cor negra, superficie exterior ocre, pasta de grao fino, pouco compacta

pero dura, con pequenas vacuolas, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao medio de seixo, polvo micáceo. Cocción reductora e final oxidante. Sucinto afinado, polvo micáceo, superficies negras. Ocre no colo e negro no ombreiro/negro no colo e ocre no borde.

Dimensións: 3,2x4,6x0,6. Diámetro do borde: 15 cms. RF-04/504/6002.

Lámina II, figura 13.

14. Fragmento de borde e arranque incipiente de colo de ola de borde de pestana. Beizo desenrolado apuntado oblicuo e prolongación inferior lixeiramente apuntada. Colo de perfil sinuoso. Presenta asento para tapadeira. Pasta de cor gris, superficie exterior ocre, pasta de grao fino, pouco compacta pero dura, con pequenas vacuolas, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao medio de seixo, polvo micáceo. Cocción reductora e final oxidante. Sucinto afinado, polvo micáceo, superficies negras. Negro.

Dimensións: 1,9x4,9x0,4. Diámetro do borde: 16 cms. RF-04/521/6275.

Lámina II, figura 14.


**Forma III. Ola de borde sinxelo.** Caracterízase polo seu corpo globular, ombreiro moi arqueado con acusado estrangulamento no colo, dando lugar a un perfil sinuoso e borde exvasado horizontal ou oblicuo, máis ou menos recto e que remata nun beizo redondeado ou plano. A miúdo presenta un pequeno aconcavamento na zona interior do borde para asentar a tapadeira. Este tipo realízase coa pasta fina, presentando paredes de espesores considerabelmente estreitos, aínda que non é raro que presenten desengraxantes mal calibrados que afloran á superficie. É común que presenten restos de feluxe, e a grande maioría, está realizada con lume reductor. En caso de levar decoración, ésta límitase a pequenas incisións oblicuas dispostas horizontalmente no ombreiro. Podería ser unha variante da ola de borde horizontal aconcavado, con menores dimensións.

15. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde sinxelo. Borde esvasado, horizontal, beizo plano vertical, colo de perfil sinuoso e estrangulado. Bo rematado superficial. Evidencias de estar exposto ao lume. Presenta decoración no ombreiro a base de pequenas incisións oblicuas dispostas horizontalmente. Pasta de cor gris escura, pasta fina, rematado superficial bo, pouco compacta pero dura, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica e de grao fino-medio de seixo, que en saltaron ou caeron. Cocción reductora. Sucinto afinado, superficies alisadas, marcas de torneado, bo rematado. Negro grisáceo.


Dimensións: 3,1x6,1x0,4. Diámetro do borde: 16 cms. RF-04/502/4259.

Lámina III, figura 15.


16. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde sinxelo. Borde esvasado, lixeiramente oblicuo, beizo lixeiramente apuntado, colo de perfil sinuoso e ombreiro lixeiramente arqueado. Pequeno aconcavamento na parte superior




15



16




17



18



19



do borde, creando así un asento para tapadeira. Bo rematado superficial. Evidencias de estar exposto ao lume. Pasta de cor gris, pasta media, pouco traballada aínda que o rematado superficial é bo, pouco compacta pero dura, fractura irregular, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica e seixo, ben calibrados. Cocción reductora con aporte oxidante. Cecais un sucinto afinado e superficie suave ao tacto na superficie exterior, parte da superficie queimada/sucinto afinado, superficie suave ao tacto, ennegrecida polo lume. Pardo e negro cincinto/gris cincinto.

Dimensións: 3,6x1,5x0,4. Diámetro do borde: 16 cms. RF-04/489/5874,5875,5901. Lámina III, figura 16.

17. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde sinxelo. Borde esvasado, horizontal, beizo plano vertical, colo de perfil sinuoso e estrangulado. Bo rematado superficial. Evidencias de estar exposto ao lume. Pasta de cor gris, parcialmente queimada, pasta fina, rematado superficial bo, pouco compacta pero dura, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica e de grao fino-medio de seixo. Cocción reductora. Sucinto afinado, superficies alisadas, marcas de torneado, bo rematado. Negro /gris e negro no borde.

Dimensións: 4,1x6,7x0,5. Diámetro do borde: 15 cms. RF-04/525/6026.

Lámina III, figura 17.

18. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde sinxelo. Borde esvasado, oblicuo, beizo plano vertical, colo de perfil estrangulado. Bo rematado superficial. Evidencias de estar exposto ao lume. Pasta de cor negra, pasta fina, pouco compacta pero dura, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica e de grao fino-medio de seixo. Cocción reductora. Sucinto afinado, superficies alisadas, marcas de torneado, bo rematado, restos de feluxe. Negro.

Dimensións: 4,7x4,3x0,7. Diámetro do borde: 12 cms. RF-04/525/6028.

Lámina III, figura 18.

19. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde sinxelo. Borde esvasado, lixeiramente oblicuo, beizo plano vertical, colo de perfil sinuoso e estrangulado. Bo rematado superficial aínda que continúa desengraxantes de grao groso de seixo que caeron. Evidencias de estar exposto ao lume. Presenta un rebaixe entre o colo e o ombreiro. Pasta de cor gris escura, pasta fina, rematado superficial é bo, pouco compacta pero dura, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica e de grao fino-medio de seixo, que en saltaron ou caeron. Cocción reductora. Sucinto afinado, superficies alisadas, marcas de torneado. Negro grisáceo con manchas ocre/negro.

Dimensións: 5,2x6,8x0,6. Diámetro do borde: 14 cms. RF-04/464/6136.

Lámina III, figura 19.

**Forma IV. Ola de borde realizado.** Denominamos así a un grupo de cerámicas que presentan un borde esvasado, oblicuo ou horizontal que remata nun beizo máis ou menos destacado, orientado verticalmente, xa sexa redondeado ou apuntado. A prolongación inferior típica do borde de pestana recórtase, sen desenrolarse, e o extremo superior do beizo se desenrola notabelmente, sobre todo no caso da variante A. Os recipientes englobados nesta variante A son precisamente os recipientes de maior tamaño. Estes recipientes, presentan aportes oxidantes, e no caso de levar decoración, ésta é impresa, no ombreiro, a base de impresións máis ou menos circulares/ovoidais. Están realizadas nunha pasta un pouco máis groseira que as da variante B, aínda que non chegan a ser tan groseiras como a da ola de borde horizontal aconcavado. En canto á variante B, o desenrolo do beizo é menor, a pasta é máis fina e a decoración a base de acanaladuras horizontais no colo. Presentan, así mesmo, aporte oxidante.

20. Fragmento de borde e colo de ola de borde realizado (variante A). Borde oblicuo, con beizo apuntado redondo, colo de perfil sinuoso. Presenta asento para a tapadeira. Pasta de cor negra, lixeiramente parda na zona do borde e superficie exterior, dura, de aspecto laminado, desengraxantes de grao fino micáceos e fino e medio de seixo, ben calibrados en xeral. Cocción reductora. Sucinto afinado. Estivo ao lume. Pardo grisácea/ocre grisácea e negra no colo.

Dimensións: 2,8x11,5x0,5. Diámetro do borde: 22 cms. RF-04/502/546,628,1043.


Lámina IV, figura 20.

21. Fragmento de borde, colo e corpo de ola de borde realizado (variante A). Beizo superior desenrolado, apuntado oblicuo e prolongación inferior pouco desenrolada, lixeiramente apuntada. Colo de perfil sinuoso. Presenta asento para tapadeira. Decoración no corpo a base de acanaladuras horizontais. Pasta de cor gris, superficies pardas, pasta de grao fino, pouco compacta pero dura, con pequenas vacuolas, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao medio de seixo moi abundante, polvo micáceo. Cocción oxidante. Sucinto afinado, polvo micáceo, superficies ennegrecidas. Pardo, con ennegrecemento/pardo grisáceo.


Dimensións: 9,7x14,6x0,4. Diámetro do borde: 18 cms. RF-04/502/1936,1937,1938,1939,1940.

Lámina IV, figura 21.


22. Fragmento de borde, colo e ombreiro de ola de borde realizado (variante A). Borde esvasado, horizontal, con beizo vertical redondeado, ben diferenciado, prolongación inferior pouco desenrolada, colo de perfil sinuoso e ombreiro con decoración a base de cordón e impresións. Pasta de cor parda, pasta media, mal decantada, dura e pouco compacta, porosa, desengraxantes de grao fino-medio micáceos e de grao medio de seixo, con aporte de chamota. Cocción oxidante. Sucinto afinado na zona do borde e colo. Estivo ao lume. Desengraxantes de seixo e chamota na superficie. Pardo, con ennegrecemento.



20




24



25



26



23

LÁMINA IV: Cerámica común rexional. Ola de borde realzado (20-26).



Dimensións: 10,6x22x0,9. Diámetro do borde: 27 cms. RF-04/502/4481,4482,4484,4485,4486,4487,4495.

Lámina IV, figura 22.

23. Fragmento de corpo e fondo plano de ola de grandes dimensións. Fondo plano, pouco conservado. Pasta grisácea, superficies máis claras, pasta media, compacta e dura, con abundantes desengraxantes micáceos de grao fino-medio (con algún cristal), de seixo de grao medio e aporte de chamota de grao grosso. Cocción oxidante. Sen tratamento aparente, máis regular na superficie exterior, con evidencias de estar exposta ao lume, polvo micáceo e desengraxantes plásticos na superficie interior. Ocre, con ennegrecemento nalgunhas zonas/parduzco, con zonas con feluxe e queimadas.

Dimensións: 15,4x9,6x0,9 no fondo e 0,6 na zona superior. Diámetro do fondo: 13 cms aprox. RF-04/502/1303,1304,3968.

Lámina IV, figura 23.

24. Fragmento de borde e colo de ola de borde realizado (variante B). Borde esvasado, lixeiramente oblicuo, beizo apuntado en vertical, colo de perfil sinuoso. Evidencias de estar exposto ao lume. Pasta de cor gris clara, superficies ocre, pasta media, pouco compacta pero dura, porosa, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica e seixo, polo xeral ben calibrados. Cocción reductora con aporte oxidante. Cecais un sucinto afinado e superficie suave ao tacto na superficie exterior, restos de feluxe, polvo micáceo. Negro cincento, debido á acción do lume. Dimensións: 2,2x9,5x0,6. Diámetro do borde: 19 cms. RF-04/502/3809,3890.

Lámina IV, figura 24.

25. Fragmento de borde e colo de ola de borde realizado (variante B). Borde esvasado, oblicuo, con beizo apuntado e fino, que crea á súa vez un asento para a tapadeira; prolongación inferior apuntada en orientación oblicua. Evidencias de estar exposta ao lume. Pasta de cor grisácea, pasta media, pouco compacta pero dura, con vacuolas, desengraxantes de grao fino micáceos, de grao medio de seixo, e aporte de chamota de grao medio-grosso. Cocción reductora con aporte oxidante. Sen tratamento aparente, cecais un sucinto afinado na superficie interior, polvo micáceo, superficies ennegrecidas pola exposición ao lume, sobre todo a interior. Ocre/grisácea.

Dimensións: 2,7x4,7x0,6. Diámetro do borde: 20 cms. RF-04/481/5305.

Lámina IV, figura 25.

26. Fragmento de borde e colo de ola de borde realizado (variante B). Borde de beizo apuntado oblicuo, exvasado, «frontal» ou borde recto e plano. Na inflexión do beizo aparece un asento para unha tapadeira. Presenta evidencias de estar exposta ao lume. Pasta de cor gris cincenta, escura, superficies ocre, pasta

groseira, mal decantada, pouco compacta pero dura, vacuolas, con desengraxante de grao fino micáceo e de grao medio de seixo, ben calibrado aínda que abundante e aflorando nas superficies, con polvo micáceo. Cocción oxidante incompleta. Sen tratamento aparente, cecais un sucinto afinado na superficie interior. Esta presenta evidencias de queimado. A superficie exterior é áspera ao tacto, con desengraxantes de seixo de grao fino-medio na superficie. Ocre/ocre e negro (queimado).

Dimensións: 2,7x4,3x0,6. Diámetro do borde: 16 cms aprox. RF-04/510/5737.  
Lámina IV, figura 26.

**Forma V. Ola de borde esvasado.** Caracterízase polo seu corpo globular, ombreiro arqueado con acusado estrangulamento do colo, dando lugar a un perfil sinuoso e borde exvasado que remata nun beizo redondeado ou plano, normalmente oblicuo. As pastas teñen diferentes tonalidades, ocre, negras e grises, sendo bastante finas, aínda que o grosor das paredes é considerábel, contendo pequenas partículas de mica e de seixo. Cecais, pola exposición ao lume, o exterior presenta unha coloración máis escura que o núcleo. As superficies presentan afinado, e en caso de levar decoración ésta componse por acanaladuras horizontais no exterior. Exercerían funcións de servizo de cocíña.

27. Fragmento de borde e colo de ola de borde exvasado, con borde exvasado oblicuo, beizo vertical recto e colo estrangulado. Pasta de cor ocre acastañado, superficies alteradas polo uso, dura, textura groseira, compacta, fractura quebrada. Desengraxantes de grao fino e medio micáceos, de seixo e cerámicos. Cocción oxidante, boa factura. Sucinto afinado, desengraxantes na superficie. Ocre e acastañado no beizo/ocre e acastañado no beizo. Mostra restos de estar ao lume: superficies lixeiramente ennegrecidas ou grisáceas.

Dimensións: 1,9x4,3x0,5. Diámetro do borde: 11 cms. RF-04/507/854.  
Lámina V, figura 27.

28. Fragmento de borde e colo de ola de borde exvasado (ocre e acastañado), con borde exvasado oblicuo, beizo redondeado e colo de perfil sinuoso. Pasta de cor ocre acastañado, pasta media, dura, compacta. Desengraxantes de grao fino e de seixo. Cocción oxidante, boa factura. Sen tratamento aparente, marcas finas de afinado, superficies ásperas ao tacto, polvo micáceo e desengraxantes finos de seixo. Ocre e acastañado.

Dimensións: 2,9x6,4x0,6. Diámetro do borde: 14 cms. RF-04/502/1246.  
Lámina V, figura 28.

29. Fragmento de borde, colo, ombreiro e corpo decorado de ola de borde esvasado sinxelo oblicuo. Borde esvasado, oblicuo, de beizo biselado, colo de perfil sinuoso e corpo globular con decoración a base de liña incisa horizontal ondulada. Pasta de cor gris, lixeiramente queimada na superficie exterior, pasta

fina, regularmente decantada, pouco compacta pero dura, porosa, de aspeito laminado, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica, de grao medio de seixo. Cocción reductora, boa factura. Sen tratamento aparente, cecais un sucinto afinado na zona do borde e colo, polvo micáceo, marcas de afinado por torneado. Gris escuro/gris escuro no borde e gris claro no resto, con evidencias de estar exposta ao lume.

Dimensións: 10,8x13,9x0,5. Diámetro do borde: 18 cms.

RF04/502/

1327,1328,1329,1330,1331,1336,1337,1338,1339,1340,1341,1342,1349,  
4250,4251,4252,4253.

Lámina V, figura 29.

**Xerra.** Este tipo presenta unhas características moi ben definidas. A diferenza que as olas, presenta superficies ocre acastañado, obtidas mediante a cocción en atmosfera oxidante. As pastas están mellor traballadas, sendo máis compactas e tamén é obxecto dunha maior atención por parte do oleiro, debido a que presentan un espatulado vertical que ocupa todo o corpo. As pastas caracterízanse por unha enorme dureza, compactacidade, fractura quebrada e pequenas vacuolas. Como desengraxantes, observamos a presenza de mica, seixo e chamota. Xa mencionamos que o corpo estaba decorado con engome e espatulado, mentres que as asas presentan decoracións impresas e incisas.

**Forma VI. Xerra trilobulada.** É o único tipo representado debido a que a fragmentación das pezas nos imposibilita distinguir máis tipos. É un recipiente realizado nunha pasta mellor depurada que a das olas, mellor traballada, e realizadas claramente nunha cocción de atmosfera oxidante, que ben podería corresponderlle a denominación de cerámica ocre acastañada. A base é plana, o corpo de tipo globular, o colo pouco definido e un borde lixeiramente exvasado, con beizo plano. No noso caso, a xerra presenta un pico vertedor que lle confire un aspeito trilobulado á xerra. Contrasta o rematado da superficie exterior coa da superficie interior. A primeira presenta espatulado ou bruñido vertical, amosando polo tanto unha superficie lisa. En canto á interior, ésta non presenta un rematado tan coidado, sendo frecuente que se aprecien pequenos desengraxantes. En ocasións, a pasta é gris e as superficies ocreas, o que indica coccións incompletas. A pasta, presenta impurezas de mica e seixo, destacando en casos os cristais micáceos. Estas xerras presentarían unha asa, ao extremo do pico vertedor. En xeral, son de sección rectangular, cos extremos lixeiramente redondeados, e a miúdo presentan decoración, incisas (oblicuas e verticais) e impresas (impresións circulares).

30. Fragmento de borde, pico vertedor, colo e corpo de xerra. Borde plano, recto, pico vertedor, colo pouco desenrolado e corpo globular. Superficie exterior espatulada ou bruñida verticalmente. Pasta de cor ocre acastañada, pasta media,

mal decantada, pouco compacta pero dura, porosa, ben amalgamada, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao fino-medio de seixo. Cocción oxidante. Superficie exterior espatulada ou bruñida verticalmente, polvo micáceo, lixeiramente alterada, cecais polo uso, lixeiro ennegrecemento por exposición ao lume nalgunhas zonas/ sen tratamento aparente, marcas finas de torneado, polvo micáceo. Ocre acastañado, aínda que en zonas con cromatismo alaranxado e negro.

Dimensións: 16x15,4x0,5. RF-04/481/5136,5142,5143,5144,5145,5146.

Lámina V, figura 30.

31. Fragmento de corpo e fondo dunha xerra. Presenta espatulado ou bruñido vertical. Fondo plano, de pasta máis fina que o corpo. Pasta de cor gris na alma e acastañado nas superficies, dura mais non moi compacta, semella ser porosa. Desengraxantes de grao moi grosos de seixo, considerablemente ben calibrados. Cocción oxidante incompleta. Ocre acastañado.

Dimensións: 13x10,4x0,9. Dimensións do fondo: 11 cms. RF-04/427/57.

Lámina V, figura 31.

32. Fragmento de borde, colo e arranque de asa de xerra. Borde plano horizontal, exvasado, con beizo lixeiramente apuntado (que pertencería á zona de atrás da xerra), colo de perfil sinuoso que non se diferencia moito do borde e arranque de asa de sección rectangular, algo irregular (un lateral de dimensións máis pequenas). Decoración na asa a base de acanaladuras oblicuas. Pasta de cor ocre acastañada, pasta media, mal decantada, pouco compacta pero dura, porosa, con vacuolas, ben amalgamada, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao fino-medio de seixo ben calibrados polo xeral. Cocción oxidante. Superficies lixeiramente afinadas, marcas finas de torneado, ben rematadas.

Dimensións: 4x7,5x0,5 no borde e 0,8 na asa. Diámetro do borde: 17 cms aprox. RF-04/481/5130.

Lámina V, figura 32.

33. Fragmento de arranque de asa de xerra. Asa de sección rectangular, cos extremos redondeados, de forma irregular. Pasta de cor ocre acastañada, pasta media, mal decantada, pouco compacta pero dura, porosa, con vacuolas, ben amalgamada, desengraxantes de grao fino micáceos e de grao fino-medio de seixo ben calibrados polo xeral. Cocción oxidante. Sen tratamento aparente, superficies polvorientas ao tacto, porosas, con polvo micáceo, irregulares. Ocre acastañado.

Dimensións: 13,3x7,5x1,3. RF-04/481/5147,5148,5149.

Lámina V, figura 33.

34. Fragmento de asa de xerra. Asa de sección rectangular, extremos lixeiramente redondeados e planos, decoración a base de impresións circulares.




LÁMINA V: Cerâmica común rexional. Oia de borde esvasado (27-29), xerra (30-34) e tapadeira (35).

Pasta de cor ocre acastañada, pasta media, pouco compacta pero dura, vacuolas, con desengraxante de grao fino micáceo e de grao fino-medio de seixo, ben calibrado, con polvo micáceo. Cocción oxidante. Superficie exterior e interior ben rematada, alisada, suave ao tacto, con polvo micáceo. Ocre acastañado.

Dimensións: 8x3,7x0,9. RF-04/516/6132.

Lámina V, figura 34.

### **Tapadeira**

**Forma VII. Tapadeira.** Xa mencionamos cando estabamos a falar das olas, que a miúdo os bordes presentaban un asento para a tapadeira. Se ben isto é certo, para a cantidade de bordes de olas diferentes que documentamos, a cantidade de tapadeiras é moi reducida. A isto sumámoslle que aparecen moi fragmentadas, e que de momento só temos os bordes das mesmas. Presenta unha base plana, con paredes oblicuas e non podemos describir o pomo debido a que non se documentou. Optamos por clasificalo como tapadeira debido a que as paredes son de pouca altura, o que dificultaría o seu uso como prato, aínda que non se debería descartar a súa polivalencia.

35. Fragmento de borde de tapadeira, base plana, borde esvasado, oblicuo rematado nun beizo lateral. Pasta de cor ocre, pasta groseira, mal decantada, pouco compacta, dura, con vacuolas, de aspecto laminado, desengraxantes de grao fino-medio de mica (con cristais) e de grao fino de seixo, con aporte de chamota. Cocción oxidante. Sen tratamento aparente, mellor rematado na superficie visíbel, polvo micáceo, evidencias de estar exposta ao lume. Ocre, en zonas queimada. Dimensións: 2,2x5,2x0,8. Diámetro do borde: 19 cms. RF-04/502/1941.

Lámina V, figura 35.

Ao carón destes tipos de recipientes documentáronse fichas realizadas en cerámica, de forma circular, e fusaiolas.

## **CERÁMICA CON TRATAMENTO SUPERFICIAL**

Ao carón de toda esta cerámica de produción local, temos, nun número bastante máis reducido, fragmentos de recipientes destinados esencialmente ao servizo de mesa, que poderíamos calificar como de louza de luxo, destinada ao uso polas elites residentes na fortaleza. A súa presenza é debido ás actividades desenroladas pola industria pesqueira e do salazón de Galiza durante a Baixa Idade Media. Estas industrias tiñan contactos con centros mercantís da Coroa de Aragón (Ferreira Priegue: 1984, páx. 7 e seguintes), especialmente co porto de Valencia. Durante o traxecto, facían escalas en portos como o de Sevilla. Nestes

centros mercantís, os galegos vendían a súa mercancía e mercaban outra serie de obxectos para a súa revenda nos portos galegos ou para cumprir encargos que recibían en Galiza, como a adquisición en Valencia da vaixela decorada, obxecto de difícil adquisición en Galiza e que sería revendida ás elites sociais, sendo isto unha práctica mercantil de carácter secundario,

Pódese dicir que se trata de vaixela de mesa, de procedencia foránea, concretamente da área levantina e andaluza. Non podemos esquecer que, os bispos que ocuparon a mitra compostelá, dispuxeron de capacidade para dotar que introducirían novos hábitos. Este tipo de cerámica foi introducida na Península Ibérica polos musulmáns, coñecendo grande desenvolvemento na solarías do Levante, Andalucía e Cataluña durante a Baixa Idade Media e que pervivirá despois da conquista por parte dos reinos cristiáns. De grande fama son os talleres situados en Granada, Sevilla e os levantinos, especialmente os de Manises e Paterna. Posteriormente, as técnicas de fabricación se difundiran polo Levante peninsular, coñecendo grande desenvolvemento na zona catalana e posteriormente en Aragón e Castela A Mancha. Os centros produtores clásicos son os levantinos e os andaluces, en apoxeo durante a Baixa Idade Media, namentres que durante a Idade Moderna coñeceran unha fase de declive e os centros aragoneses e da meseta experimentaran un grande desenvolvemento.

A louza é unha cerámica cun tratamento superficial a base dun esmalte estannífero lechoso, técnica de rematado consistente nun recubrimento vítreo referido a un esmaltado formado por sílice con fundentes de chumbo alcalinos ou bóricos contendo estaño como opacificante, dando lugar a unha cor branca, heteroxénea, brillante ou opaca dependendo dos casos.

### **Louza sevillana**

**Louza branca.** Esta produción cerámica é o tipo de louza máis representativo e abundante da época baixomedieval, caracterizada por un revestimento de barniz ou esmalte de cor branco lechoso ou brillante, segundo o caso, de estaño aplicado a toda a peza. En liñas xerais son pezas que presentan unha pasta clara (rosa ou amarelo pálido), dura, ben depurada, de tacto polvorenta, de textura fina, fractura quebrada fina e materiais non plásticos apenas perceptíbeis (cerámicos e calcíticos), e realizada en cocción oxidante. Morfoloxicamente, este tipo de louza presenta un repertorio moi amplo, podendo destacar a representación de cuncos, escudillas, pratos e fontes. No caso do conxunto cerámico que tratamos, temos que sinalar a presenza de dous destes tipos; a saber, o prato e a escudilla.

Para atopar as raízes desta produción hai que referirse á actividade dos centros produtores malagueños, que a introduciran na península pouco antes da creación do Reino Granadino. O uso desta louza branca xeralizarase nos séculos XIII-XIV, e desde estas datas se empregará como fondo para toda a louza decorada. É un tipo de louza moi difundido, chegando a recibir a denominación de *Columbia Plain* en Inglaterra, onde se testemuña durante os séculos XV e XVI,

coincidiendo coas pezas que se fabrican nos alfares sevillanos (especialmente do barrio de Triana).

### **Escudilla**

36. Fragmento de asideira e corpo dunha escudilla. A asideira está decorada con motivos gráficos como unha «a» realizada en molde e o corpo presenta unha carena que inicia o tránsito cara o fondo. Pasta de tonalidade clara, cor rosa pálido, compacta e laminada, porosa, de textura fina, fractura quebrada fina, e con desengraxantes apenas perceptíbeis. Contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 3,8x6,1x0,8. Diámetro do borde: 12 cms por dentro. RF-04/427/67.

Lámina VI, figura 36.

### **Prato**

37. Fragmento de borde e corpo dun prato. Borde de beizo lixeiramente apuntado. Pasta de tonalidade clara, cor rosa pálido, compacta e laminada, porosa, de textura fina, fractura quebrada fina, e con desengraxantes apenas perceptíbeis. Contén calcita que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 4,3x3,3x0,7. RF-04/427/10.

Lámina VI, figura 37.

38. Fragmento de borde e corpo dun prato. Borde de beizo lixeiramente apuntado. Pasta de tonalidade clara, cor rosa pálido, compacta e laminada, porosa, de textura fina, fractura quebrada fina, e con desengraxantes apenas perceptíbeis. Contén calcita que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.


Dimensións: 3,8x4,9x0,8. RF-04/427/17.

Lámina VI, figura 38.


**Louza branca decorada en verde sobre branco.** Este tipo de louza está representado por unha serie de fragmentos ou pezas correspondentes a pratos cónicos con esmaltado estannífero na superficie interna e con decoración en verde. Segundo A. Pleguezuelo e M<sup>a</sup> Pilar Lafuente (Pleguezuelo et al: 1995) estes pratos cónicos son copias sevillanas de cerámicas malagueñas e levantinas. As pastas son claras, o torneado coidadoso e as paredes moi finas. Estas pezas se decoran cun óxido de cobre a pincel con flores estreladas no centro e cenefas diversas nos bordes ou con grandes motivos animais e incluso humano. Tamén, e como nos reflectimos nos exemplares documentados na fortaleza compostelá, se decoran con inscricións de letras capitais. A forma por nós documentada



*A cerámica medieval da Fortaleza de A Rocha Forte...*




36




37




38



39



■ Verde



40

**LÁMINA VI: Cerámica sevillana. Louza branca. (36-38) e louza con decoración verde sobre branco (39-40).**

refírese á de grande prato cónico con anel de repé, paredes rectas diverxentes e beizo resaltado. Esta serie de louza decorada en verde sobre branco non aparece en Sevilla documentada en niveis posteriores a 1400 (Pleguezuelo et al: 1995, páx. 226).

Os recipientes aparecidos que englobamos neste grupo cerámico presentan pastas de cor paxiza (rosada), fina, ben decantadas, laminadas e porosas. O recubrimento de esmalte estannífero cubre a parte visíbel.

### **Prato**

39. Fragmento de borde e corpo de prato cónico, con anel de repé (non conservado), paredes rectas diverxentes e beizo resaltado. Presenta esmaltado estannífero en branco na superficie interna e decoración en verde na mesma superficie. A decoración en verde é de tipo inscriptivo, podéndose observar unha M e unha O —o resto é ilexíbel— enmarcados en dúas liñas paralelas. Outra liña rodea o borde. Pasta de cor rosa pálido, pasta fina, ben decantada, compacta e dura, polvorienta ao tacto, porosa, homoxénea, de aspecto laminado, con algunha vacuola, desengraxantes de grao fino de mica e calcita. Cocción oxidante. Torno e esmaltado. Esmaltado/sen tratamento aparente aínda que se presenta alisada por torneado. Esmaltado branco e decoración en verde/beixe.

Dimensións: 4x10x1. Diámetro do borde: 27 cms. RF-04/502/4475,4476.

Lámina VI, figura 39.

40. Fragmento de borde e corpo de prato cónico, con anel de repé (non conservado), paredes rectas diverxentes e beizo resaltado. Presenta esmaltado estannífero en branco na superficie interna e decoración en verde na mesma superficie. A decoración en verde está moi mal conservada, sendo ilexíbel. Outra liña rodea o borde. Pasta de cor rosa pálido, pasta fina, ben decantada, compacta e dura, polvorienta ao tacto, porosa, homoxénea, de aspecto laminado, con algunha vacuola, desengraxantes de grao fino de mica e calcita. Cocción oxidante. Torno e esmaltado. Esmaltado/sen tratamento aparente aínda que se presenta alisada por torneado. Esmaltado branco e decoración en verde/beixe.

Dimensións: 4,3x9,7x1,1. Diámetro do borde: 22 cms. RF-04/502/1264,1258.

Lámina VI, figura 40.

## **CERÁMICA LEVANTINA**

**Louza con decoración bícroma en azul e reflexo dourado.** Esta produción constitúese pola louza decorada con motivos en azul cobalto e reflexo dourado, todos eles aplicados sobre unha capa de esmalte branco estannífero. A súa procedencia atribúese ás olarías levantinas, en concreto ás de Manises e Paterna, sendo un dos tipos máis representativos de época baixomedieval.

Seguindo a periodización que estableceu Mercedes Mesquida (Mesquida García: 1995, páx. 97-99), hai que sinalar que os fragmentos que apareceron poden pertencer a algunha das catro fases ou etapas de produción que entran dentro da cronoloxía que manexamos para a ocupación estábel na fortaleza de A Rocha Forte, e que comprenden desde o século XIII até mediados do século XV. O elemento diferenciador que nos pode sinalar a correspondencia cronolóxica de cada etapa son os elementos decorativos, aínda que polo grao de fragmentación que padecen as pezas é difícil sinalar a que etapa se corresponderían. Os fragmentos que compoñen esta factura presentan decoracións baseadas en temas vexetais e espirais —en reflexo dourado— e elementos xeométricos en azul. O exterior das pezas van decoradas en dourado, con motivos como lirios —no caso da peza nº 42, un cunco— e de ondas. Pola súa banda, a superficie interior presenta trazos curvos e espirais, amais de elementos vexetais. En xeral, a decoración en dourado é de trazo grosso, o que nos levaría á cuarta etapa de produción (mediados do século XV), aínda que os motivos representados poden responder a máis dunha etapa.

Documentamos así mesmo dous fragmentos de prato con ala, decorados en azul e dourado, que presentan decorativamente a folla de perexil. A factura da decoración é moi deficiente, dando a sensación de que o óxido de cobalto estivese «corrido». Correspóndense coa cuarta etapa de produción, situada os seus inicios a mediados do século XV.

Para a realización desta louza con decoración bícroma, o oleiro realizaba as seguintes accións: unha vez modelada a peza, cocíase a peza até tres veces. Na primeira cocción cocíase a peza sen ningún tipo de recubrimento, dando lugar ao que se denomina cerámica bizcochada. Unha vez cocida, aplícase o baño de esmalte, que impermeabilizaba a peza. Unha vez seco o esmalte, aplicábase a decoración en azul a través de minerais de cobalto, tralo que se cocía por segunda vez. Tras o seu enfriamento, aplicábase a decoración dourada e volvía a ser cocida por derradeira vez.

As pastas son de tono paxizo, ben amalgamadas, compactas, carentes de micas pero con alto contido en calcio. Estamos ante unha vaixela de luxo, destinada ao servizo de mesa, na que predominan as formas abertas, tanto cuncos como pratos. Cómpre salientar a aparición dun cunco decorado en azul e reflexo dourado case completo (nº 42).

### **Cunco**

41. Fragmento do borde e corpo dun cunco. Presenta unha carena. Decoración en reflexo dourado e en azul, que debido á conservación non é apreciable. Presenta decoración de motivos «vexetais» en reflexo dourado na superficie interior e no exterior a decoración en reflexo dourado é caseque imperceptíbel. Pequena liña en azul na superficie interior. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa, compacta e ben amalgamada, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 4,2x6,4x0,8. Diámetro do borde: 14 cms. aprox. RF-04/417/176.  
Lámina VII, figura 41.

42. Fragmento de cunco, conservándose o perfil completo, con decoración en reflexo dourado e azul. Borde apuntado, redondeado. Fondo con umbo. Decoración na superficie exterior con temas vexetais —lirios— e unhas ondas ou círculos rodeandoos en dourado. Na superficie interior motivos vexetais que se repiten nunha cenefa, e no fondo do cunco, un círculo azul que limita outro motivo. Dimensións. 4,8x12,6x0,9. Diámetro: 12,6 cms. U.E: 516.

Lámina VII, figura 42.

### **Escudilla ou fonte**

43. Fragmento de asa e corpo dunha posíbel escudilla ou fonte, que presenta decoración en reflexo dourado e en azul cobalto. Decoración xeométrica en dourado na superficie exterior. Na superficie interior, decoración xeométrica en azul e dourado e decoración vexetal en dourado. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa, compactas e ben amalgamadas, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 3,2x12x1. Diámetro do interior: 18 cms. RF-04/414/284.

Lámina VII, figura 43.

### **Prato**

44. Fragmento de corpo dun posíbel prato. Presenta un engrosamento cara o fondo. Decoración a base de liñas en reflexo dourado (anverso e reverso) e en azul cobalto só na superficie interna nun motivo circular. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa, compactas e ben amalgamadas, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 4,3x3,9x0,9. RF-04/414/285.

Lámina VII, figura 44.

45. Fragmento de corpo de prato con decoración en reflexo dourado e azul cobalto. Decoración de motivos vexetais en reflexo dourado e azul cobalto na superficie interior. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa pálido, compacta e ben amalgamada, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 3,3x3,5x1,1. RF-04/427/73.

Lámina VII, figura 45.

46. Fragmento de corpo e diámetro interior dun prato con decoración en azul e en reflexo dourado. Presenta unha acanaladura dobre na superficie exterior por debaixo da ala en sentido horizontal. Decoración na superficie interior en azul




LÁMINA VII: Louça levantina. Louça decorada em azul e reflexo dourado (41-47).

cobalto de motivos vexetais a base da folla de perexil. O reflexo dourado esta moi desgastado e non se aprecia nítidamente. Superficie exterior decorada en reflexo dourado. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa pálido, compacta e ben amalgamada, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 4,4x5,1x0,7. Diámetro do borde: 12 cms. RF-04/416/6205.  
Lámina VII, figura 46.

47. Fragmento de corpo e diámetro interior dun prato con decoración en azul e en reflexo dourado. Presenta unha acanaladura dobre na superficie exterior por debaixo da ala en sentido horizontal. Decoración na superficie interior en azul cobalto de motivos vexetais a base da folla de perexil. O reflexo dourado esta moi desgastado e non se aprecia nítidamente. Superficie exterior decorada en reflexo dourado. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa pálido, compacta e ben amalgamada, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches.

Dimensións: 3,8x5x0,9 Diámetro: 12 cms. RF-04/427/66.  
Lámina VII, figura 47.

**Louza en dourado.** Esta produción cerámica ten a súa orixe novamente nos alfares levantinos, de Manises ou Paterna, aínda que no século XV existirá un bo número de alfares peninsulares que elaboraría este tipo de cerámica. Debido á fragmentación das pezas así como pola conservación das mesmas, é difícil determinar a procedencia exacta das pezas que forman esta produción. Así, se lle supoñemos unha orixe levantina, poderían pertencer terceira etapa de produción (meiados do século XIV até mediados do século XV), cando se elabora por primeira vez louza decorada só en reflexo dourado (Mesquida García: 1995, pág. 99), correspondéndose coas características que as pezas presentan. Esta etapa caracterízase por formas decorativas sofisticadas e motivos ornamentais que recubren todo o espazo nun «horror ao vacío», presentando trazos curvos e espirais. O esmalte recubre toda a peza, cunha capa espesa que le confire unha cor branco marfil sobre o que resalta o reflexo dourado-ocre da decoración. Como tipo decorativo típico desta etapa están as espirais, que poden ir acompañadas de puntos e pequenos bодоques que figuran follas, ou ben, delimitadas por liñas paralelas.

Sería unha louza de luxo, cuns costes produtivos altos. Como nos casos anteriores, a decoración de reflexo dourado aplícase sobre unha capa de esmalte de cor branco estannífero que recubre a peza cocida xa por segunda vez.

### **Cunco**

48. Fragmento de corpo de cunco con decoración en reflexo dourado. Decoración de motivos vexetais en forma espiral en reflexo dourado, que pola fragmen-

tación da peza non se poden identificar, con maior desgaste na superficie interior. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa pálido, compacta e ben amalgamada, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches. Esmaltado (desgastado).

Dimensións: 4,4x3,8x1,1. RF-04/427/16.

Lámina VIII, figura 48.

49. Fragmento de corpo de cunco con decoración en reflexo dourado. Decoración de motivos vexetais en forma de espiral e xeométricos en reflexo dourado, con maior desgaste na superficie exterior. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa pálido, compacta e ben amalgamada, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches. Esmaltado (desgastado). Mellor conservado na superficie interior.

Dimensións: 2,5x5,3x0,8. RF-04/427/39.

Lámina VIII, figura 49.

50. Fragmento de corpo de cunco de cerámica levantina de reflexo dourado. Presenta dúas carenas na superficie exterior. Pasta de tonalidade paxiza, cor rosa, compacta e ben amalgamada, contén calcio que provoca que aparezan pequenos estalidos ou ocos pola acción da calor sobre os caliches. Decoración e baño estannífero, mellor conservado na superficie interior.

Dimensións: 3x4,7x0,8. RF-04/471/5057.

Lámina VIII, figura 50.


**Louza en verde.** A seguinte produción que documentamos é a louza que recibe un baño de esmalte en verde. A pasta é fina e moi ben traballada, presentando apenas vacuolas. Os materiais non plásticos compóñense por calcita, seixo e aporte de chamota. Non podemos sinalar a posíbel olaría de procedencia de esta produción, aínda que o tipo de pasta e a técnica de elaboración nos leva a pensar nunha olaría non situada no Noroeste peninsular, esperando que co transcurso do estudo que estamos realizando podamos contextualizar debidamente esta produción cerámica.


### **Prato**



51. Fragmento de borde e corpo de prato de louza esmaltada en verde. Borde esvasado, oblicuo, con borde de beizo resaltado. Presenta un realce que separa o corpo do borde. Pasta de cor rosa pálido, pasta fina, ben decantada, compacta e dura, polvorienta ao tacto, porosa, homoxénea, de aspecto laminado, con algunha vacuola, desengraxantes de grao fino de mica e calcita. Cocción oxidante. Torno e esmaltado. Verde oliva/ocre branquecino.


Dimensións: 3,2x5,6x0,6. Diámetro do borde: 20 cms. RF-04/502/3969.


Lámina VIII, figura 51.



 Reflexo dourado



 Dourado



55

LÁMINA VIII: Louza decorada en reflexo dourado (48-50). Louza esmaltada en verde (51-52). Cerámica vidriada (53-55).



## **Copa**

52. Fragmento de fondo e pé de posíbel copa realizada en louza esmaltada en verde. Fondo plano, circular, de sección triangular. Decoración a base de esmaltado en verde con liñas verticais de cor dourado/amarelo pouco nítidas. Pasta de cor branquecina, pasta fina, ben decantada, compacta e dura, polvorienta ao tacto, porosa, homoxénea, de aspecto laminado, desengraxantes de grao fino de mica e calcita. Cocción oxidante. Esmaltada. Verde.

Dimensións: 3,4x6,8x0,6 Diámetro do fondo: 10 cms. RF-04/481/5319.

Lámina VIII, figura 52.

**Cerámica vidrada.** Á hora de afrontar este tipo cerámico nos atopamos coa carencia de estudos ceramolóxicos sobre esta cerámica no contexto galego. A cotío se lle outorga unha cronoloxía recente, para que entronque coa denominada cerámica popular. Pero probabelmente, xunto á louza tamén poida ser «importada» cerámica con tratamento superficial a base de chumbo, á cal se lle proporcionaba cromatismo, daí que teñamos vidriados verdes, amarelos...

De destacar é a presenza de relativamente abundantes fragmentos dunha serie de recipientes elaborados nunha pasta fina gris e branquecina, ben traballada, e que presenta vidrado cubrinte amarelo. O máis característico destes recipientes é a forma do beizo, recortado en triángulos que percorren todo o borde. Lamentablemente non coñecemos ningún paralelo e por ende a que tipo e que función correspondería, aínda que semella que sería decorativo.

53. Fragmento de borde de recipiente cerámico. Beizo en forma triangular. Pasta de cor beixe, fina, porosa, compacta, ben decantada, desengraxantes de grao fino micáceos. Vidriado amarelo melado/fragmentado. Amarelo melado/branquecino.

Dimensións: 2,2x3,8x0,6. RF-04/502/3963,3964.

Lámina VIII, figura 53.

54. Fragmento de borde de recipiente cerámico. Beizo en forma triangular. Fragmento de borde de recipiente cerámico. Beizo en forma triangular.

Dimensións: 3,6x5,7x0,7. RF-04/502/4172,4173.

Lámina VIII, figura 54.

De destacar é a aparición dun elemento cerámico concerninte ao bico dun recipiente que presenta o que nós cremos que é un morcego. Está cuberto por un vidrado amarelo, nalgúns partes verdes. Descoñecemos a súa procedencia, pero debe ser un produto de importación de outros alfares peninsulares ou mesmo europeos.

55. Fragmento de bico dun recipiente para conter líquido. Presenta vidrado cubrinte nas dúas superficies. Na exterior amarelo con trazos en verde e no interior

alaranxado. O bico presenta forma zoomorfa, para nós sería un morcego. Dimensións: 5,7x7,2x4,4 (de profundidade) x0,5. RF-04/481/5093.

Lámina VIII, figura 55.

### **Anforetas de Indias**

Documentouse a presenza de pezas cerámicas concernentes ás denominadas «Anforetas» de Indias, comunmente relacionadas coa colonización por parte da Coroa de Castela de América, aínda que sen dúbida deberon de existir previamente. Hai moi poucas referencias sobre este tipo cerámica, tendo que remitir en moitos casos a referencias ou estudos anglosaxóns que se centran en xacementos ingleses ou americanos, centrándose polo tanto na Idade Moderna. Aínda así, compre sinalar o estudo que Fariña Busto realizou en 1973 (Fariña Busto, F; Romero, M, Vázquez, J.M: 1973) e máis recentemente, Mario César e Andrés Bonilla (César Vila et al: 2003) sobre as aparicións de anforetas en xacementos medievais e modernos. As demais referencias sobre as anforetas en xacementos galegos non pasan máis da sinxela referencia sen abordar o seu estudo, e case sempre atribuíndolle unha cronoloxía recente. Estes recipientes de cerámica son herdeiros da tradición oleira do Mediterráneo, con orixe na Antigüidade Clásica, con formas indicadas para a estiva e transporte en augas axitadas. Esas formas permitían maximizar a integridade estrutural do contenedor, en canto a pequena abertura que posuían permitían un feche máis sinxelo cun mínimo de cámara de aire no interior. Estes recipientes eran produtos utilitarios, o que se amosa na deficiente calidade de fabricación, xa que debido ao inxente comercio coas Indias americanas, a cantidade destes recipientes tivo que ser necesaria dabondo. Vacuolas na pasta, gargalos defectuosos ou corpos asimétricos non eran relevantes para a calidade da fabricación, xa que o que máis importaba era que o recipiente fose estanco para poder transportar líquidos (óleos, viño, mel, vinagre, auga...). As anforetas eran fabricadas en torno, sendo sometidas posteriormente a cocción en forno. A comenzos do século XVI, as anforetas perderan as asas, pasando a ter un gargalo menos comprimido, máis estreito e groso.

Tipolóxicamente, e segundo Mitchell Marken (Marken, M: 1994), as anforetas dividiríanse segundo a súa forma e volumetría en tres tipos básicos: tipo A ou botixos peruleros, tipo B ou botixa de media arroba e tipo C, botixas cónicas.

En xeral son de pasta de cor roxiza aínda que hai exemplares de pasta branquecina. Neste último caso, nalgunhas obsérvase que en ocasións o núcleo é roxizo e que o branquecino é unha delgada película das caras interna e externa do recipiente. As pastas son homoxéneas, compactas aínda que presentan abundantes vacuolas, de grao fino e non presentan en xeral impurezas. Aínda así temos que expresar que no noso caso, as pezas presentan calcita, o que provoca que se observen pequenos puntos negros, tanto na pasta como na superficie. Así mesmo temos varios exemplares que posúen un revestimento interno a modo de vidrado verde coa fin de impermeabilizar o recipiente, e que normalmente son situadas no século XVII, unha cronoloxía que se escapa da que nós mantemos para o conxunto cerámico da Rocha Forte. O problema é que moitos estudos realizados sobre as

anforetas están baseados en xacementos americanos e ingleses e non sobre os restos de anforetas nos xacementos peninsulares. Como sinalamos en todo este traballo, non se observa ningún indicio de que teñamos cerámicas modernas, xa que aparecen nun contexto ben documentado e pechado onde ningún material da unha cronoloxía tan recente<sup>4</sup>. Así mesmo, en Inglaterra teñen anforetas procedentes do comercio coa península en contextos anteriores a 1500: 1470-1500, en xacementos de Plymouth (Goggin, 1960 e M. Gerrard, C; Gutierrez, A; G. Vince, A. (eds): 1995). Pero, no ano 1992, Riu de Martín (Riu Martín, M<sup>a</sup> del Carmen: 1992) publica os resultados dunhas intervencións arqueolóxicas nas bóvedas de igrexas góticas barcelonesas do século XIV onde aparecen anforetas, o que sinala a súa existencia en época baixomedieval.

Lamentablemente, temos poucos fragmentos que presenten morfoloxía, tendo salientar a presenza de asas mutiladas, ombreiros de anforetas con decoración acanalada vertical e corpos con vidrado interior en verde.

56. Fragmento de borde e colo de anforeta de Indias. Borde de beizo engrosado, lixeiramente labiado. Engobe branquecino exterior e vidrado verde amarelento interior que cubre parte do beizo. Presenta un resto de vidrado na superficie exterior. Pasta de cor rosa pálido, compacta e homoxénea, de grao fino, con desengraxantes de grao fino de seixo e calcita. Cocción oxidante. Engobe branquecino/vidrado verde amarelento. Branco amarelento/verde amarelento.

Dimensións: 4,6x16,5x0,8. Diámetro do borde: 19 cms aprox. RF-04/502/407,688,650,4477.

Lámina IX, figura 56.

57. Fragmento de corpo de anforeta de Indias. Pertencería á zona do ombreiro. Presenta acanaladuras horizontais e vidrado cubrinte interior. Pasta de cor rosa pálido, pasta fina, regularmente decantada, pouco compacta pero dura, porosa, de aspecto laminado, con vacuolas, desengraxantes de grao fino de mica, seixo e calcita. Cocción oxidante. Engobe branquecino na superficie exterior, vidrado verde interior. Branquecino/verde.

Dimensións: 10,2x17,4x0,7. RF-04/502/1257,1259,1996.

Lámina IX, figura 57.


58. Fragmento de asa dunha anforeta de Indias. Asa de sección triangular, con pequenas nervaduras ou acanaladuras na parte visíbel en sentido vertical. Pasta de cor branquecina, superficies branquecinas, cocción oxidante, pasta groseira, mal amalgamada, dura, moi porosa, con vacuolas, desengraxantes polo xeral ben calibrados, de grao fino de seixo e de calcita. Cocción oxidante, boa factura. Modelado. Sen tratamento aparente, cecais un alisado sucinto, superficies lisas aínda que non suaves ao tacto. Branquecino.

Dimensións: 8,3x3,5x1,6. RF-04/502/1263.


Lámina IX, figura 58.



56



57



58




LÁMINA IX: Anforetas de Indias (56-58).

## **CONCLUSIÓNS**

Os datos que o estudio do rexistro cerámico proporciona dannos a visión dun conxunto ergolóxico perfectamente encadrábel nos períodos cronolóxicos que marcan o uso da fortaleza, e que tamén corroboran outros estudos realizados sobre materiais desta fortaleza (González Vila: 2006). Temos unha cerámica común plenamente típica da Baixa Idade Media, cos tipos máis característicos e unha cerámica de importación que, analisando as datas de produción, non alteran esta apreciación cronolóxica.

Respecto á cerámica común, ésta representa a factura máis abundosa, representada en tódalas unidades estratigráficas (U.E.). Caracterízase por responder ás formas típicas da tradición oleira occidental, centrándose na cerámica destinada ao servizo de cociña —olas— e de almacenaxe de líquidos —xerras—. Debido a estas finalidades, estamos ante unha cerámica na que primaría fundamentalmente a súa funcionalidade antes que a súa aparencia. Esta produción cerámica verase complementada na Idade Moderna coa cerámica ocre e acastañada, con maior variedade morfolóxica de recipientes, e posteriormente na denominada cerámica popular de centros produtores tan coñecidos como Gundivós, Buño, Bonxe,... Sen que isto sexa incerto, non debemos considerar que a distinción entre cerámicas elaboradas en atmósfera reductora e en oxidante aporte análises cronolóxicos e culturais, debido a que o seu emprego debeu ser sincrónico durante moito tempo. Coa experimentación adquirense novas técnicas, mais non se abandoan os coñecementos practicos tradicionais, que seguen sendo úteis. E isto mesmo acontece co uso da torneta e do torno.

A cerámica con tratamento superficial, pola súa banda, indica a existencia de contactos mercantís coa área levantina e andaluza, amais da interese de abastecerse de produtos cerámicos que veñen a ocupar o escasez ou a posíbel falta de certos recipientes do servizo de mesa e que non son realizados na rexión así como dunha intención de posuir bens de luxo.

## BIBLIOGRAFÍA

- CASAL GARCÍA, R.; ACUÑA CASTROVIEJO, F. et al. (2004): *A Fortaleza de Rocha Forte (Santiago): campañas de intervención 2002-2003*. En *Gallaecia*, nº 23, páxs. 105-204, 2004, Santiago de Compostela.
- CASAL GARCÍA, R.; ACUÑA CASTROVIEJO, F. et al. (2004): *A Fortaleza de Rocha Forte (Santiago): campañas de intervención 2002-2003*. En *Gallaecia*, nº 24, páx. 193-219. Santiago de Compostela.
- CÉSAR VILA, M. e BONILLA RODRÍGUEZ, A. (2003): *Estudio de los materiales cerámicos del Castelo da Lúa (Rianxo, A Coruña)*. En: *Gallaecia*, nº 22, páxs. 297-367, Santiago de Compostela.
- DIOGO, J. M. e CHILRA ABRAÇOS, H. (coords.) (1988): *Actas das 2ªs Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio*. Cámara Municipal de Tondela, Tondela.
- FARIÑA BUSTO, F. (1974-1975). *Contribución ao estudo da cerámica medieval en Galicia*. Cuadernos de Estudios Gallegos. T. 29, fasc. 87-89, páx. 51-64.
- FARIÑA BUSTO, F.; ROMERO, M, VÁZQUEZ, J. M. (1973): *Nuevos hallazgos de «anforiñas»*. En: El Museo de Pontevedra, XXVII, pp. 72-90, Pontevedra.
- FERREIRA PRIEGUE, E. M<sup>a</sup>. (1984): *Fuentes para la exportación gallega de la segunda mitad del siglo XV: el peatge de mar de valencia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- FERREIRA PRIEGUE, E. M<sup>a</sup>. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- GOGGIN, J. (1960): *The spanish olive jar. An introductory study*. En: Papers in Caribbean Anthropology, vol. 62, Yale University.
- GONZÁLEZ VILA, G. (2006): *Achádegos numismáticos na Fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela)*. En: *Gallaecia*, nº 25, Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ VILA, G.; (2006): *Monedra de Enrique II fabricadas entre 1369 y 1373. Una posible emisión compostelana*. En: *Gallaecia*, nº 25, Santiago de Compostela.
- M. GERRARD, C.; GUTIÉRREZ, A; G. VINCE, A. (eds) (1995): *Spanish Medieval Ceramics in Spain and the British Isles*. BAR International Series 610, Oxford.
- MARKEN, M. (1994): *Pottery from Spanish Shipwrecks, 1500-1800*. University Press, Miami.
- MATESANZ VERA, P (1987): *La cerámica medieval cristiana en el Norte (ss. IX-XIII): estado de la cuestión*. En: II Congreso de Arqueología Medieval Española, vol. I (Ponencias), Madrid, páx. 246-260.
- MESQUIDA GARCÍA, M (1995): *La cerámica azul y dorada de Paterna: formas y decoraciones*. En: VV.AA (1995): *Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio*. Páx. 97-108. Cámara Municipal de Tondela. Tondela.
- MESQUIDA GARCÍA, M. (1998): *La cerámica gris de los alfares de Paterna*. En: Diogo J. M. (coords.) (1998): *Actas das 2ªs Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio*. Páxs. 127-136. Cámara Municipal de Tondela. Tondela.
- PADILLA LAPUENTE, J. I; VILA CARABASA, J. M. (eds.) (1998): *Ceràmica medieval i postmedieval. Circuits productius i seqüències culturals*. Universitat de Barcelona. Barcelona.

- PADILLA MONTOYA, C; MAICAS RAMOS, R; CABRERA BONET, P. (2002): *Diccionario de materiales cerámicos*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Madrid.
- PLEGUEZUELO, A; LAFUENTE, M<sup>a</sup> P (1995): *Cerámicas de Andalucía Occidental (1200-1600)*. En: M. GERRARD, C; GUTIERREZ, A; G. VINCE, A. (eds) (1995): *Spanish Medieval Ceramics in Spain and the British Isles*. BAR International Series 610, Oxford.
- RIU, M. (director) (1984): *Ceràmica grisa i terrisa popular de la Catalunya Medieval*. Acta Medievalia, Annex 2. Departament d'Historia Medieval, Barcelona.
- RIU, MARTÍN, M<sup>a</sup> DEL CARMEN (1992): *Las piezas de cerámica halladas en las bóvedas de las iglesias barcelonesas del siglo XIV*. En: Acta Medievalia, N<sup>o</sup> 13, pág. 375-424. Universidad de Barcelona.
- SUÁREZ OTERO, J.; GIMENO GARCÍA-LOMAS, R. e FARIÑA BUSTO, F. (1989): *La Cerámica medieval en Galicia*. En GUTIÉRREZ GONZÁLEZ, J. A.; RAMÓN BOHIGAS ROLDÁN, R. (coords.) (1989): *La Cerámica medieval en el norte y noroeste de la península Ibérica: aproximación a su estudio*: Universidad de León, pág. 285-301.
- VV.AA (1995): *Jornadas de Ceràmica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio*. Cámara Municipal de Tondela. Tondela.